

# ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO

## CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 alumna/a**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores todos os alumnos/as matriculados/as no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está á disposición de quen o queira consultar na secretaría do centro, segundo se informa no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 14 de novembro.
3. Son elixibles os/as alumnos/as que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 14 de novembro.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os/as alumnos/as que non se presenten como candidatos/as, o día 15 de novembro, ás 11:30 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Dirección do Centro, que exercerá a presidencia, e dous alumnos/as, actuando de secretario o/a de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 23 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os/as alumnos/as matriculados no Centro que sexan propostos por cada unha das asociación de alumnos existentes no centro ou avalados polas sinatura de dez electores.
7. As votacións realizaranse o **día 24 de novembro de 9:00 a 18:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás **8:45 horas**.
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de 1 **nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ribeira, 7 de novembro de 2022



Asdo. José Manuel Santiago Yáñez